




Nolo Suárez

LEMBRANZAS
MARIÑAS
p i n t u r a



Do 28 de maio ao 23 de xuño

Auditorio do Concello de Rianxo

Rúa Autores da Rianxeira, s/n-Parque Galicia (na zona portuaria)

HORARIOS

Luns 28 de maio:

Inauguración ás 12:30, visitas ata as 13:30 e de 17:00 a 20:00 horas

De martes a venres:

De 09 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas

Sábados:

De 10:30 a 13:00 e de 16:30 a 20:00 horas

Nando Pereiro

XEO MAQUIAS
e s c u l t u r a

LEMBRANZAS MARIÑAS



Mensaxe mariña

Foron acumulándose ao longo dos anos distintos recordos sobre o mar, desfrute das augas, de navegacións, das pescas, das riquezas e variedades da vida mariña. Mais tamén dos naufraxios e das agresións ó mar, coas contaminacións e mareas negras.

Nestes traballos sobre Lembranzas Mariñas, as cores brancas, azúis, verdes, vanse combinando cos diferentes elementos mariños, barcos, caracolas, peixes, ... para poñelos en valor, e tamén denunciar as contaminacións, para facer que o noso mar estea cheo de vida e esperanza.

-Nolo Suárez-

XEOMAQUIAS



Indiano III

Xeomaquias: do grego 'geos' (terra) e 'máchomai' (loitar).

Foi Heráclito quen aseverou que a loita é a esencia da vida. Son estas personaxes, pois, froito dunha contenda cos minerais no ígneo útero da Terra criados. Unha loita sen derrotado nin vencedor que procura alumar vida no inquebrantable seo da pedra, obrigándoa a adoptar, en contra da matemática rixidez dos seus cristais, as formas dinámicas e sensuais que o escultor albisca no cerne das rochas galegas, aquelas que o tempo e os meteoros van pulindo e transformando a través dunha loita ancestral entre campos de electróns que colisionan, friccionan e se interfieren, liberando a enerxía que fai que o planeta siga a mudar con cada volta do seu eixo.

-Nando Pereiro-